

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 14181** Orde TEC/1078/2018, do 28 de setembro, pola que se declara a situación crítica de *Cistus heterophyllus carthagenensis*, *Lanius minor*, *Margaritifera auricularia*, *Marmaronetta angustirostris*, *Mustela lutreola*, *Pinna nobilis* e *Tetrao urogallus cantabricus* en España, e se declaran de interese xeral as obras e proxectos encamiñados á recuperación destes taxons.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, sinala no seu artigo 60, número 2, que a hoxe ministra para a Transición Ecolóxica pode declarar a situación crítica de especies silvestres, cando do seguimento ou avaliación do estado de conservación dunha especie en perigo de extinción se deduza que existe un risco inminente da súa extinción. Para declarar a dita situación crítica é preceptivo un informe favorable previo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente. A declaración de especie en situación crítica terá como consecuencia que as obras e proxectos encamiñados á recuperación destas especies serán consideradas de interese xeral e a súa tramitación terá carácter de urxencia.

Por outro lado, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, indica que, no caso de declaración dunha especie en situación crítica, o Ministerio Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente coordinará as actuacións que realizará cada Administración no ámbito das súas competencias, no marco dun grupo de traballo constituído por, polo menos, un representante do dito ministerio e de cada unha das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía da área de distribución da especie. No marco de tales grupos de traballo coordinaranse a aplicación das medidas de urxencia que se adoptarán para evitar o risco inminente de extinción da especie declarada en situación crítica.

Co obxecto de contribuír á identificación da situación de risco inminente de extinción dunha especie silvestre, e en desenvolvemento da disposición adicional terceira do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, o Goberno publicou os Criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas (Resolución do 6 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural, «Boletín Oficial del Estado» n.º 65, do 17 de marzo de 2017), elaborados polo Comité de Flora e Fauna Silvestres, e con informe favorable do Comité Científico establecido no artigo 7 do Real decreto 139/2011, de 4 de febreiro, da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. O mencionado documento inclúe, de maneira adicional aos criterios para as distintas categorías de ameaza do Catálogo español de especies ameazadas, uns criterios para a consideración de situación crítica dun taxon no seu anexo IIIb. Estes criterios establecen limiares numéricos en relación con distintas variables poboacionais das especies, isto é, declive do tamaño poboacional, redución da área de distribución, análise de viabilidade poboacional e criterio de expertos.

Desde a entrada en vigor da dita regulación, distintas administracións autonómicas e organizacións non gobernamentais remitiron solicitudes para declarar en situación crítica os taxons carpaza de Cartagena (*Cistus heterophyllus* subsp. *carthagenensis*), picanzo pequeno (*Lanius minor*), mexillón de río ou nájade auriculada (*Margaritifera auricularia*), cerceta parda (*Marmaronetta angustirostris*), visón europeo (*Mustela lutreola*), nácara común (*Pinna nobilis*), e pita do monte cantábrica (*Tetrao urogallus cantabricus*).

O diagnóstico do estado de conservación dos mencionados taxons, realizado coa mellor información dispoñible desde o punto de vista técnico e científico, evidencia o cumprimento dalgún ou de varios dos criterios para a súa consideración en situación crítica, de acordo co documento Criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas (anexo IIIb). En particular,

cúmprese o criterio A (declive do tamaño poboacional) para *Cistus heterophyllus carthaginiensis*, *Lanius minor*, *Margaritifera auricularia* e *Pinna nobilis*; o criterio B (redución da área de distribución) para *Marmaronetta angustirostris*, *Lanius minor*, *Pinna nobilis* e *Tetrao urogallus cantabricus*; o criterio C (análise de viabilidade poboacional) para *Mustela lutreola*; e o criterio D (criterio de expertos) para *Cistus heterophyllus carthaginiensis*, *Lanius minor*, *Margaritifera auricularia*, *Marmaronetta angustirostris*, *Mustela lutreola*, *Pinna nobilis* e *Tetrao urogallus cantabricus*. A información técnica e científica de referencia e a xustificación do cumprimento dos criterios mencionados inclúese nas correspondentes memorias xustificativas dispoñibles na páxina web do Ministerio (<http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies/especies-proteccion-especial/default.aspx>).

A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente emitiron informe favorable sobre esta orde e dítase en virtude da habilitación contida no artigo 60.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, e de acordo co/oído o Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Declaración de taxons en situación crítica.*

Decláranse taxons en situación crítica en España os seguintes:

Carpaza de Cartagena, *Cistus heterophyllus* subsp. *carthaginiensis*.

Picanzo pequeno, *Lanius minor*.

Mexillón de río, *Margaritifera auricularia*.

Cerceta parda, *Marmaronetta angustirostris*.

Visón europeo, *Mustela lutreola*.

Nácara común, *Pinna nobilis*.

Pita do monte cantábrica, *Tetrao urogallus cantabricus*.

#### Artigo 2. *Obras e proxectos de interese xeral.*

De conformidade co previsto no artigo 60.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, todas as obras e proxectos destinados á recuperación de poboacións e diminución do risco de extinción dos taxons mencionados no artigo anterior se declararán de interese xeral e serán tramitados de urxencia.

#### Artigo 3. *Constitución de grupos de traballo.*

Constituiranse sete grupos de traballo para o desenvolvemento de actuacións destinadas a reducir o risco de extinción das especies en situación crítica reguladas nesta orde. Estes grupos de traballo estarán adscritos á Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, así como ao Comité de Flora e Fauna Silvestres, de acordo co Real decreto 1424/2008, do 14 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos a esta.

A distribución de representantes de administracións públicas nos distintos grupos de traballo será a seguinte:

Grupo sobre situación crítica de *Cistus heterophyllus* subsp. *carthaginiensis*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica; un representante da Xeneralidade Valenciana e un representante do Goberno da Rexión de Murcia.

Grupo sobre situación crítica de *Margaritifera auricularia*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante da Confederación Hidrográfica do Ebro, un representante do Goberno de Aragón, un representante do

Goberno de Navarra, un representante do Goberno de La Rioja e un representante da Xeneralidade de Cataluña.

Grupo sobre situación crítica de *Marmaronetta angustirostris*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante de cada unha das confederacións hidrográficas do Segura, Guadalquivir, Xúcar e Guadiana, un representante da Xeneralidade Valenciana, un representante da Xunta de Andalucía, un representante do Goberno da Rexión de Murcia, un representante da Xunta de Comunidades de Castilla-La Mancha e un representante do Goberno de Canarias.

Grupo sobre situación crítica de *Lanius minor*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante da Xeneralidade de Cataluña e un representante do Goberno de Aragón.

Grupo sobre situación crítica de *Mustela lutreola*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante da Confederación Hidrográfica do Ebro, un representante do Goberno de Navarra, un representante do Goberno de La Rioja, un representante da Xunta de Castilla y León, un representante do Goberno Vasco e un representante do Goberno de Aragón.

Grupo sobre situación crítica de *Pinna nobilis*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante da Dirección Xeral para a Sustentabilidade da Costa e do Mar do ministerio, un representante da Xeneralidade de Cataluña, un representante da Xeneralidade Valenciana, un representante da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, un representante da Xunta de Andalucía e un representante do Goberno Balear.

Grupo sobre situación crítica de *Tetrao urogallus cantabricus*: un representante da Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, un representante do Goberno do Principado de Asturias, un representante da Xunta de Castilla e León, un representante do Goberno de Cantabria e un representante da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os expertos de recoñecido prestixio, as entidades científicas e as organizacións que se determinen poderán participar como asesores de cada grupo de traballo, sempre que conten con experiencia contrastada en conservación dalgunha das anteriores especies ou subespecies e que os membros do grupo de traballo concernido acorden a súa inclusión.

Disposición derradeira primeira. *Non aumento do gasto público.*

As medidas incluídas na presente orde ministerial atenderanse cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ás Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, sen que en ningún caso supoña un aumento dos custos.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entra en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de setembro de 2018.–A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.